



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Xacobeo 2021



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E OS CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE RÍAS BAIXAS, RIBEIRO, RIBEIRA SACRA, MONTERREI, VALDEORRAS E DAS INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS DAS AUGARDENTES E LICORES TRADICIONAIS DE GALICIA, EN MATERIA DE PROMOCIÓN, FORMACIÓN E ASESORAMENTO DOS VIÑOS DE GALICIA DURANTE O PERÍODO 2019-2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Xacobeo 2021





CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E OS CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE RÍAS BAIXAS, RIBEIRO, RIBEIRA SACRA, MONTERREI, VALDEORRAS E DAS INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS DAS AUGARDENTES E LICORES TRADICIONAIS DE GALICIA, EN MATERIA DE PROMOCIÓN, FORMACIÓN E ASESORAMENTO DOS VIÑOS DE GALICIA DURANTE O PERÍODO 2019-2021

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Juan Manuel Civdanes Roger, en nome e representación do **Instituto Galego de Promoción Económica**, en diante **Igape**, con CIF Q6550010J, e con domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n. 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra,

D. Juan Gil de Araujo González de Careaga, na súa calidade presidente, en nome e representación do **Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas**,

D. Juan Manuel Casares Gándara, na súa calidade de presidente, en nome e representación do **Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro**,

D. José Manuel Rodríguez González, na súa calidade de presidente, en nome e representación do **Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra**,

Dona Lara Da Silva Rodríguez, na súa calidade de presidenta, en nome e representación do **Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei**,

D. José Luís García Pando, na súa calidade de presidente, en nome e representación do **Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras** e

D. José Antonio Feijóo Mateo na súa calidade de presidente, en nome e representación do **Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia**.

Todas as partes recoñécense mutuamente con capacidade xurídica abondo para formalizar este acordo e manifestan ter vixentes os seus poderes e ter capacidade suficiente para obrigar ás súas representadas en virtude do presente convenio, e para tal efecto

EXPOÑEN

I. O Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria e configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo. Entre as súas funcións está a de proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras. O Igape, consecuente cos seus obxectivos e fins, entende que a internacionalización achega ás empresas galegas, e ao tecido produtivo en xeral, a posibilidade de acadar maiores economías de escala, de mellorar a calidade, comercialización e diferenciación dos seus



produtos e servizos, de entrar en contacto con outro tipo de mercados, consumidores e competidores, de mellorar o know-how dos traballadores e directivos, o que estimula e incrementa a súa produtividade, eficiencia, desenvolvemento tecnolóxico e capacidade competitiva.

A internacionalización do tecido empresarial galego é un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto das exportacións da empresa galega en 2020, diversificando mercados e zonas xeográficas, mellorando o coñecemento e posicionamento de Galicia nos mercados internacionais, consolidando a percepción dos produtos e servizos galegos por calidade, prestixio, etc., favorecendo a colaboración de empresas, axentes e institucións que fomenten a participación e o acceso das empresas galegas en eventos internacionais.

II. Que os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e o Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia son Corporacións de Dereito Público tuteladas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e con plena capacidade decisoria en cantas funcións se lle encomendan polo seu Regulamento, segundo o que determinan os artigos 25 e 26 da Lei 24/2003, de 10 de xullo, da Viña e do Viño e o artigo 14 da Lei 2/2005, de 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

III. Que, co obxecto de optimizar recursos e actividades promocionais en apoio ás empresas e adegas das distintas DO de viño e augardentes e licores, destacando as súas vantaxes competitivas e diferenciais nos mercados, o Igape e os distintos Consellos Reguladores colaborarán en cantas actuacións, propostas e accións de promoción, publicidade e presenza nos mercados sexan necesarias para o seu desenvolvemento e promoción.

IV. Que, en aras a dar a coñecer a potencialidade dos nosos viños é pretensión e obxectivo deste convenio, presentar a Galicia como zona de referencia na viticultura española e europea pola histórica tradición na produción de viños de referencia e as especificidades das súas diferentes DO, no que a condicións agroclimáticas e estruturais de produción se refire.

V. En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de conformidade coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto deste convenio é organizar cos Consellos reguladores das DO Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e co Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia un plan conxunto de internacionalización dos viños e augardentes de Galicia para o período 2019-2021. Un plan que parte da acción conxunta e integral das cinco DO galegas e coas Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores para participar activamente nun plan de promoción no estranxeiro así como un maior coñecemento dos viños e e augardentes e licores por parte do consumidor final naquel ou naqueles países onde as DO decidan implementalo. O obxectivo é fortalecer e intensificar a presenza nos mercados internacionais dos viños e augardentes e licores galegos e cunha previsión de incremento do 20% da súa cota de exportación, a través do desenvolvemento dunha serie de accións de promoción, formación e asesoramento dos viños de Galicia durante o período 2019-2021 (Plan Conxunto de Internacionalización dos Viños e Augardentes de Galicia).



Segunda. Imposibilidade de promover a concorrência

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e as razóns que impidan a concorrência da oferta e exclúan a celebración dun contrato administrativo en que, de acordo co indicado no expositivo deste convenio, polo nivel de representatividade que as DO e as Indicacións Xeográficas teñen no empresariado do sector vitivinícola e de augardentes e licores de Galicia, pola súa implantación xeográfica, pola capacidade e experiencia dos seus equipos directivos e persoal técnico e na procura da eficiencia na aplicación dos recursos.

Por outra banda, mediante este convenio o lgape non encomenda unha xestión de servizos ás DO, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común de interese público como é o de promover máis negocio para as empresas do sector vitivinícola e de augardentes e licores de Galicia. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

É esta idea de colaboración na consecución do fin común de desenvolvemento de negocio a que fundamenta a subscripción deste instrumento.

Terceira. Obrigas das partes

Un. Compromisos e obrigas do lgape

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio, o lgape:

1. Contribuirá cun máximo de 390.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1-741A-6407, 10.000€ no exercicio 2019, 203.000€ no exercicio 2020 e 177.000€ no exercicio 2021. O anexo III “Memoria Económica” detalla esta contribución. As DO carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terá que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.
2. Participará na Comisión de Seguimento.
3. Difundirá as accións do Plan a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.
4. Manterá informado ás outras partes, ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto, das xestións que realice en base ao mesmo e consensuará con eles previamente as decisións importantes que afecten ao desenvolvemento do proxecto.

Dous. Compromisos e obrigas dos Consellos reguladores das DO Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e o Consello regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Para a realización das actuacións obxecto deste convenio, os Consellos reguladores das DO Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia:

1. Contribuirán cun máximo de 97.200,00€, que cofinanciará coa asignación de custo de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento).
2. Responsabilizarase de organizar as actividades do convenio na súa totalidade, en estreita colaboración co lgape.
3. Someterán á aprobación do lgape calquera cuestión relevante antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
4. Serán responsables da captación de asistentes e da difusión das actividades.
5. Non repercutirá a terceiros importe superior á súa achega ao convenio.
6. Deberán incluír en todas as comunicacións o logotipo do lgape asociado ao da Xunta de Galicia.



7. Os Consellos Reguladores deberán subministrar toda a información necesaria para que o lgape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

En caso de obtención doutros patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización das actividades, reducirase a achega de ambas as dúas entidades na mesma proporción que as súas achegas, ou ben ampliárase o alcance das actividades.

Cuarta. *Gastos atendibles*

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 15 de novembro de 2021. Nembargantes o anterior, tendo en conta que é atendible o custo laboral bruto, para a xustificación da totalidade dos custos laborais realizados no último período do ano, serán tidos en conta os xustificantes de pago da Seguridade Social e ingreso do IRPF correspondentes a meses de 2021, aínda que o seu pagamento se realice, conforme á normativa reguladora, con posterioridade a esta data. Os ditos xustificantes serán presentados ao lgape, á maior brevidade posible, unha vez realizados os correspondentes pagos.

O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que acredite a súa exención e consecuentemente non resulte recuperable para os Consellos Reguladores.

Todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000€ deben ser sometidos a aprobación do lgape antes da súa contratación.

Será obrigatorio presentar 3 orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000€ + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

Os gastos nos que incorran os Consellos Reguladores serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidesen recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e decrementarán o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio.

Todos os gastos externos xustificadas polos Consellos Reguladores deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

Os gastos clasifícanse en:

- a) Desprazamentos, aloxamentos e manutención de participantes nas actividades dos Consellos Reguladores, cando proceda.
- b) Alugueiros de espazos e medios.
- c) Gastos de publicidade e difusión.
- d) Gastos de formación.
- e) Custos de persoal dos Consellos Reguladores, en base a nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF, e certificado de dedicación ao proxecto.
- f) Consultaría ou asistencia técnica especializada en mercados internacionais obxectivo das misións.
- g) Outros gastos externos que respondan indubitablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que deberán autorizarse pola Comisión de Seguimento.



Quinta. Xustificación e pagamento

As achegas do lgape realizaranse a medida que se vaian xustificando os gastos realizados polos Consellos Reguladores sobre os custos apoiados, mediante certificacións trimestrais. As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización do trimestre natural, agás as do cuarto trimestre das anualidades 2019 e 2020, que deberán presentarse antes do día 20 de decembro do exercicio correspondente e a do cuarto trimestre de 2020, que deberá presentarse antes do 25 de novembro da dita anualidade.

As DO deben presentar ante o lgape, en cada xustificación, a seguinte documentación:

- Informe/memoria xustificativa asinado e selado polo seu representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das accións levadas a cabo, dossier fotográfico, resultados obtidos e as incidencias mais significativas.
- Certificación dos gastos (segundo o modelo do Anexo I).
- Xustificación dos gastos e pagamentos: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación do Anexo I. As facturas en moeda estranxeira deben presentarse cos documentos bancarios de cargo no que conste o cambio empregado pola entidade financeira ou se non é posible, aplicárase o cambio oficial do euro do Banco Central Europeo publicado na web do Banco de España na data de pagamento da factura.
- Nóminas pagadas e xustificante do seu pagamento e certificado de dedicación emitido polos Consellos Reguladores, onde se deixe constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto. Os certificados de dedicación deberán explicitar as dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada. Seguridade Social do período que se alega: documento/s de relación nominal de traballadores e documento/s de cálculo da liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago. Importes retidos IRPF do período que se alega: modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
- A xustificación dos pagamentos farase mediante: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do lgape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 9 deste convenio, os Consellos Reguladores autorizan a realización desta petición.
- Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo II.
- No seu caso, as tres ofertas de diferentes provedores ás que se refire a cláusula cuarta.
- Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto deste convenio.

O lgape unha vez recibida a documentación estipulada nesta cláusula e comprobado que se cumpriu co estipulado nas accións descritas no convenio, procederá ao pagamento da achega estipulada.

En todo caso, o lgape, resérvase o dereito de solicitar aos Consellos Reguladores a documentación adicional que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio, para verificar a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento e das actividades realizadas.

Os Consellos Reguladores deberán manter a disposición do lgape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, a devandita documentación, así coma todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. Todo isto, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control. O prazo para a



comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

Sexta. Comisión Mixta de Seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha Comisión de Seguimento da execución do convenio de composición paritaria, formada por un máximo de 2 representantes dos Consellos Reguladores e de 2 representantes do lgape, que se reunirá a petición de calquera das partes, e que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. Modificación das condicións

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da Comisión de Seguimento, e formalizarase a través da subscrición da correspondente addenda. En ningún caso poderá supoñer un incremento do orzamento previsto.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021. O período de elixibilidade dos gastos finalizará o 15 de novembro de 2021. A solicitude de cobramento do convenio deberá entregarse ao lgape antes do 25 de novembro de 2021.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

Novena. *Autorizacións*

Os Consellos Reguladores consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Décima. *Publicidade*

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Décimo primeira. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable, quedando sometido ao réxime xurídico de convenios previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co seu artigo 6.1, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito ambas as dúas partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo segunda. *Normativa aplicable*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que se regulan os convenios do sector público, así como na Resolución do 8 de



abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

Tendo lido o presente convenio por si mesmos e en proba de conformidade asínase polas partes no lugar e data indicados.

Polo Instituto Galego de Promoción Económica:

Juan Manuel Cividanes Roger

Polo Consello Regulador da DO Rías Baixas:

Juan Gil de Araujo González de Careaga

Polo Consello Regulador da DO Ribeiro:

Juan Manuel Casares Gándara

Polo Consello Regulador da DO Ribeira Sacra:

José Manuel Rodríguez González

Polo Consello Regulador da DO Monterrei:

Lara Da Silva Rodríguez

Polo Consello Regulador da DO Valdeorras

José Luís García Pando

**Polo Consello Regulador das Indicacións
Xeográficas das Augardentes e Licores
Tradicionais de Galicia:**

José Antonio Feijóo Mateo

ANEXO I. CERTIFICACIÓN DO GASTO

Convenio en materia de promoción, formación e asesoramento dos viños de Galicia durante o período 2019-2021

[illegible]

Nota: agrupar os gastos por grupos de actuación/conceptos tal e como figuran no orzamento do convenio.

Sinatura e selo (representante legal, cargo e nome) :

Data:



ANEXO II
Declaración responsable titularidade conta bancaria

D/D^a _____ con DNI nº _____,
actuando en nome e representación das Denominacións de Orixe Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei,
Valdeorras e das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia,

DECLARA:

Que a seguinte conta bancaria, da cal son titulares os Consellos Reguladores é a especificamente designada aos efectos de cobramento da compensación do Igape para a acción conxunta e integral das cinco DO galegas e das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia para participar activamente nun plan de promoción no estranxeiro así como un maior coñecemento dos viños e augardentes e licores por parte do consumidor final naquel ou naqueles países onde as DO decidan implementalo.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

_____, ____ de _____ de 20____
(Sinatura do/a representante)



ANEXO III: MEMORIA ECONÓMICA

As achegas máximas previstas para a realización das accións obxecto do convenio ascenden á cantidade de trescentas noventa mil euros (390.000,00€), cantidade que será abonada polo Igape con cargo aos seus orzamentos (10.000€ no exercicio 2019, 203.000€ no exercicio 2020 e 177.000€ no exercicio 2021), nos que existe crédito adecuado e suficiente, conforme á seguinte partida orzamentaria 09.A1.741A.6407, sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres.

Para as actividades que os Consellos Reguladores desenvolvan todos os programas que se recollen nos anexos deste convenio o Igape contribuirá en contrapartida ás achegas máximas fixadas por cada unha das actividades previstas.

Cada un dos participantes do convenio fará a súa achega do seguinte xeito:

IGAPE	CONSELLOS REGULADORES
• Achega económica para gastos xustificadas polos Consellos Reguladores para todas as accións previstas. • Colaboración cos Consellos Reguladores no desenvolvemento do proxecto, e informará das xestións que realice en base ao mesmo e consensuará con elas previamente as decisións importantes que afecten ao desenvolvemento do proxecto. • Realización de accións de difusión, comunicación, e publicitarias relativas ao Programa, en coordinación cos Consellos Reguladores.	• Realización cos seus propios medios ou contratando os servizos e subministros necesarios para levar a cabo as distintas actividades do convenio. • Organización, coordinación e desenvolvemento das actividades necesarias para a execución de todas as accións previstas. • Persoal propio. • Selección de provedores. • Contratación e pagamento de todas as actividades. • Achega da documentación soporte. • Coordinación e realización de accións, difusión, comunicación e publicitarias.

Os gastos clasificaranse do seguinte xeito:

- a) Desprazamentos, aloxamentos e manutención de participantes nas actividades dos Consellos Reguladores, cando proceda.
- b) Alugueiros de espazos e medios.
- c) Gastos de publicidade e difusión.
- d) Gastos de formación.
- e) Custos de persoal dos Consellos Reguladores, en base a nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF, e certificado de dedicación ao proxecto.
- f) Consultaría ou asistencia técnica especializada en mercados internacionais obxectivo das misións.
- g) Outros gastos externos que respondan indubidablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que deberán autorizarse pola Comisión de Seguimento.

O resumo dos custos estimados é o seguinte:

Concepto	Importe
Secretaría Técnica	40.000,08 €
Master Class + Show Room.	40.000,00 €
Master Class + Tunel do Viño	104.999,92 €
Programas formativos	85.000,00 €
Participación das DO galegas con Wine Bars na London Wine Fair	60.000,00 €
Misión Inversa Importadores Británicos, Suízos e Holandeses	60.000,00 €



A distribución por anualidades realizarase do seguinte xeito:

Ano 2019

Tipo de actuación	Achega unitaria	Achega total	Achega IGAPE
Secretaría Técnica	12.500,00	12.500,00	10.000,00
	12.500,00	12.500,00	10.000,00

Ano 2020

Tipo de actuación	Nº de accións	Achega unitaria	Achega total	Achega IGAPE
Master Class + Show Room.	2	25.000,00	50.000,00	40.000,00
Master Class + Tunel do Viño	3	27.083,30	81.249,90	64.999,92
Programa Superior en Dirección, Desenvolvemento de Negocio e Internacionalización de Empresas Vitivinícolas	1	62.500,00	62.500,00	50.000,00
Secretaría Técnica		22.500,10	22.500,10	18.000,08
Misión Inversa Importadores	2	25.000,00	50.000,00	40.000,00
	8		266.250,00	213.000,00

Ano 2021

Tipo de actuación	Nº de accións	Achega unitaria	Achega total	Achega IGAPE
Participación das DO galegas con Wine Bars na London Wine Fair	1	75.000,00	75.000,00	60.000,00
Master Class + Tunel do Viño	2	25.000,00	50.000,00	40.000,00
Programa de Internacionalización a través de Canles Dixitais	1	18.750,00	18.750,00	15.000,00
Misión Inversa Importadores	1	25.000,00	25.000,00	20.000,00
Secretaría Técnica		15.000,00	15.000,00	12.000,00
Acción formativa por determinar	1	37.500,00	37.500,00	30.000,00
	6		221.250,00	177.000,00

O Igape achega ao convenio un 80% dos gastos xustificados, cun orzamento máximo de 390.000,00€.

Os Consellos Reguladores contribúen con gastos de persoal propio para o desenvolvemento das distintas obrigas que asumen (persoal, materiais, instalacións, equipamento) para a organización, coordinación e desenvolvemento das actividades necesarias para a execución dos programas descritos nos anexos, incluídas as de difusión, comunicación e publicitarias, valorándose a dita contribución en 97.500,00€.